

BANDO INFORMATIVO

**AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA
CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á SITUACIÓN DE REDUCCIÓN DA
SÚA XORNADA DE TRABALLO**

LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA da apertura do prazo de solicitude das axudas á conciliación da vida familiar e laboral (DOG nº125 do 02/07/2021)

OBXECTO: Axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para as persoas traballadoras e as familias monoparentais que, entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021, ambos inclusive, teñan unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos nas bases reguladoras. (SI440A)

ACCIÓNS E PERÍODO SUBVENCIONABLES:

1. A redución da xornada de traballo para o coidado dunha filla ou dun fillo menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %. A redución de xornada terá que ser de polo menos o 12,5 % da xornada ou porcentaxe equivalente para o caso de que a xornada sexa a tempo parcial.

Así mesmo, poderán acollerse a esta axuda as persoas traballadoras que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 6 das bases reguladoras, adopten unha persoa menor ou a teñan en situación de acollemento familiar, nas modalidades de acollemento familiar permanente ou acollemento familiar preadoptivo.

2. O período máximo subvencionable, continuado ou fraccionado, será de oito (8) meses comprendidos entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021, ambos os dous inclusive, e determinarase segundo o establecido no artigo 6.2 das bases reguladoras.

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

a) No caso de unidades familiares non monoparentais, co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade, poderán ser beneficiarios os homes que se acollan á redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos segundo o establecido no artigo 6 e sexan traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.

b) No caso de unidades familiares monoparentais, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos segundo o establecido no artigo e sexa traballadora por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.

Para obter a condición de beneficiarias, as persoas solicitantes deberán cumprir todos os requisitos, condicións e obrigas establecidos na convocatoria e na normativa xeral de subvencións, en particular os sinalados no artigo 5.2 das bases reguladoras.

CONTÍA DAS AXUDAS:

A contía determinarase en función da porcentaxe de redución da xornada laboral e da súa duración, en atención ao número de fillas e fillos a cargo da persoa solicitante, e de acordo cos tramos establecidos no artigo 7.2 das bases reguladoras.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Ata o 2 de agosto de 2021

MÁIS INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950.

O Alcalde, Luis Rey Villaverde.
Oroso, 5 de xuño de 2021.